

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Nome do centro: CEIP LUIS PIMENTEL

Código: 27014665

Enderezo postal: Rúa Santo Grial, s/n

CP: 27003

Localidade: Lugo

Teléfono/Fax: 982 212 469

Correo electrónico: ceip.luis.pimentel@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.luispimentel.org/>

IA. ANÁLISE E COÑECEMENTO DA SITUACIÓN XERAL DE PARTIDA

1. DESCRICIÓN XERAL: ESPAZOS E RECURSOS DO CENTRO.

O centro.

O Ceip Luis Pimentel é un centro de liña 3 con 9 unidades de Educación Infantil e 18 de Educación Primaria.

Nos últimos cursos experimentouse un aumento significativo na escolarización de alumnado inmigrante de diversas procedencias.

Descrición de espazos e recursos.

O colexio distribúese en tres edificios dentro do recinto escolar que albergan os diferentes ciclos de infantil e primaria.

Na planta baixa do edificio principal está situada a biblioteca, ademáis da zona administrativa e o ximnasio. Existe actualmente en cada aula un ordenador e está previsto que próximamente se instalen puntos de conexión a Internet en tódalas aulas.

O centro dispón tamén dun laboratorio que se utiliza como aula de audiovisuais e pola amplitude do espazo para determinadas actividades como obradoiros, charlas, exposicións ou animación á lectura con grupos numerosos de alumnos/as, pais ou profesorado. Na aula de informática impártense clases e realízanse actividades con grupos de ata 15 alumnos/as.

Recursos do entorno.

No barrio existe unha biblioteca municipal que é utilizada por moitos alumnos/as do centro e que organiza de forma habitual numerosas actividades de fomento da lectura.

Un centro sociocultural municipal, e outros centros educativos tanto públicos coma privados: de infantil e primaria, secundaria e educación permanente de adultos, para dar resposta á alta demanda educativa da zona pola numerosa poboación existente. Hai tamén salas de cine e o auditorio municipal no que se celebran actos culturais como ciclos de cine ou teatro, concertos, etc .

Vida cultural.

Ao longo do curso o noso centro organiza actividades culturais e conmemorativas como saídas didácticas, charlas para os diferentes sectores da comunidade, prensa escolar, exposicións etnográficas, celebración do Antroido e dos Maios, e de forma especial a Semana Cultural das Letras Galegas con diversas actividades co alumnado como maratóns de lectura, traballos escolares sobre os autores homenaxeados, representacións teatrais, recitados, encontros con escritores, exposicións, etc.

Persoal e coordinación docente.

O cadro de persoal docente do centro está composto por 40 profesores/as na súa meirande parte definitivos/as .

A coordinación docente realízase a través dos órganos establecidos na normativa: equipos de ciclo, de nivel, comisión de coordinación pedagóxica, departamento de orientación e equipo de normalización lingüística. Ademais dos órganos colexiados: claustro e consello escolar.

Alumnado e familias

En xeral o nivel socioeconómico das familias é medio-baixo, adicándose a meirande parte ao sector de servizos.

Nos últimos cursos experimentouse un aumento significativo na escolarización de alumnado inmigrante de diversas procedencias, polo que o centro debe responder ás súas necesidades de integración, inmersión lingüística e educativas en xeral.

Relacións da escola coas familias e institucións.

No desempeño da acción tutorial a escola coordínase coas familias a través das reunións dos pais e nais co/a tutor/a a principio e curso e de entrevistas na hora semanal de atención a pais.

O centro conta cunha ANPA moi activa e participativa que manifesta interés e vontade de colaboración nas actividades do centro.

As relacións coas diferentes entidades, organismos e institucións é satisfactoria e fluida: o centro benefíciase da oferta de actividades que realizan o Concello, Caixa Galicia, Caixanova, etc., así como as diferentes editoriais.

2. DESCRIPCIÓN DAS ACCIÓNS QUE O CENTRO TEN LEVADO A CABO NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO LECTOR.

2.1. Preocupación do centro polo desenvolvemento lector do alumnado.

Dende hai moitos anos o centro mostra unha preocupación especial por mellorar o nivel de competencia lectora do alumnado. Houbo moitas iniciativas neste sentido pero as accións non foron sistematizadas. Non se recolleu oficialmente ningún programa ou avaliación sistemática do realizado, trátase máis ben de acordos do claustro de reforzar o traballo a facer co alumnado de cara á lectura e á comprensión lectora, pero están pouco especificados, quedando a criterio de cada tutor/a.

Estes son algúns exemplos:

- Adicación dun tempo específico á lectura dentro do horario de clases. Emprego do método MATEL nas aulas por parte de algúns profesores.
- Existencia das bibliotecas de aula, intercambiando libros dentro de cada nivel.
- Préstamo bibliotecario cos/as alumnos/as de 3º a 6º de primaria, para levar libros para a casa.

A pesar de todas estas actividades, o profesorado constataba que os alumnos seguían a ter certas deficiencias no que a velocidade e comprensión lectoras se refire.

- Houbo un intento –non sistemático nin avaliado– de coordinación vertical do tratamento da lectura de 1º a 6º, mediante o emprego de material complementario de *lectura eficaz*.
- Impartíuse no centro un curso para formar ao profesorado na súa utilización.
- Estableceuse a lectura de varios libros, dependendo do curso cun caderno de actividades.

- No horario escolar establecíanse dúas horas dedicadas especificamente á lectura en galego-castelá.
- O Departamento de Orientación viña avaliando anualmente mediante probas o rendemento do alumnado en velocidade e comprensión lectora, informando aos tutores dos resultados do grupo pero sen recollelos sistemáticamente, de forma que non os podemos analizar.

2.2. Accións encamiñadas á aprendizaxe da lectura e escritura e desenvolvemento da comprensión lectora.

- Nos primeiros niveis da escolaridade o profesorado emprega diferentes **metodoloxías** para a aprendizaxe da lectoescritura, combinando métodos fonéticos, globais e constructivistas nos que xogan un papel fundamental a elaboración de materiais propios e as producións dos alumnos dende os primeiros momentos, mesmo anteriores ao emprego de códigos convencionais. Trátase de combinar e adaptar as metodoloxías ás características e necesidades do alumnado.
- Nestes primeiros niveis aparece o **conto oral** relatado, inventado, lido ou escenificado pola profesora e polos propios alumnos, cun papel fundamental no desenvolvemento das rutinas e aprendizaxes diarias, xunto coa **lectura das imaxes** e a produción e reprodución de **textos e ilustracións** feitos polos propios alumnos.
- Como apoio a este proceso e fomento dos hábitos lectores do alumnado dótanse as **bibliotecas de aula** con novos fondos cada ano, mediante a asignación dunha

cantidade á/ao tutor/a para a adquisición de libros e materiais didácticos para cada aula, ademais da dotación anual para a biblioteca escolar.

- Habilitouse na biblioteca escolar unha zona de primeiros lectores para EI e 1º ciclo con materiais, mobiliario e sistema de préstamo adaptados a este alumnado. Para as aulas destes niveis realízanse tamén préstamos colectivos.
- Aplicación do **Plan de Lectura Eficaz** coa lectura de libros en galego e en castelán, realizando cuadernos de comprensión lectora e coa adicación flexible dun tempo específico dentro do horario das Línguas.

2.3. Accións encamiñadas ao afianzamento de hábitos lectores.

- Participase en **campañas de lectura** promovidas por institucións como o Concello ou Bibliotecas Públicas, con actividades realizadas no propio centro ou levando aos alumnos dos diferentes ciclos á Biblioteca Municipal ou Provincial, aos centros socioculturais, ao Auditorio...
- Realízanse actividades puntuais de **animación á lectura** como contacontos, proxeccións, representacións, audicións, encontros con autores, etc. que son ofertadas ao centro por diferentes institucións ou promovidas polo propio centro.
- Entre as actividades **extraescolares** que se ofertan dende a ANPA ao alumnado de menor idade está nestes últimos anos a de **Contacontos**.
- **Hora semanal de biblioteca** para todo o alumnado integrada no horario lectivo para **préstamo** de libros, lectura, elaboración de traballos, etc. Polo xeral a elección das lecturas é libre, coas recomendacións do profesor e sen condicionantes na lingua e co límite dun só libro por alumno. Ao rematar a

lectura os alumnos cumprimentan unhas **fichas-resume** coas que forman o *libro de lector* que serve como rexistro para o seguimento por parte do profesor das lecturas feitas por cada alumno ao longo do ano así como das súas preferencias e grao de comprensión.

- **Bibliotecas de aula** como recurso para a aprendizaxe e fomento da lectura:
- **Lectura diaria**, individual e/ou colectiva, silenciosa e en voz alta, como medio **de aprendizaxe** en tódalas materias.
- Lectura de **textos literarios** seleccionados polo profesor.
- **Lectura libre** como disfrute tamén dentro do tempo escolar, aínda que non de forma sistematizada.
- Lectura en voz alta co profesor como modelo.
- Libros de texto e lecturas complementarias.
- Actividades da **semana cultural** das Letras Galegas:
 - **Estudio** do autor homenaxeado, biografía e obras.
 - **Produccións** escritas dos alumnos.
 - **Maratón de Lectura**.

- **Revista escolar**: elaborada cos traballos realizados polos alumnos de tódolos niveis escolares do centro.
- **Conmemoracións**: Nadal, magosto, Entroido, día da Paz, con lecturas colectivas, seleccións de textos adecuados, creación de textos, murais, carteis...
- **Adquisición** dende a biblioteca escolar e as de aula de libros e materiais para documentar traballos, proxectos anuais nos que participa todo o centro, biografías e obras de autores homenaxeados ou que se conmemoran.

- Elaboración de **blogs** como medio de expresión e comunicación de experiencias, opinións, intereses...

3) ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO NO ÁMBITO FAMILIAR.

Faise unha valoración positiva da preocupación das familias respecto da lectura, considerando indicios como que os alumnos coñecen as coleccións máis utilizadas ou que os pais piden axuda aos profesores para motivar aos fillos pola lectura. Tamén que a ANPA organiza actividades de contacontos para o alumnado de EI e 1º ciclo e que se observa a presenza de alumnos na biblioteca pública municipal, máis frecuentemente dos primeiros niveis.

4) ANÁLISE DA INFRAESTRUCTURA BIBLIOTECARIA, DA SÚA UTILIZACIÓN E ACTIVIDADES DE MELLORA REALIZADAS

Infraestructura bibliotecaria

A nosa biblioteca conta cun elevado número de **rexistros** (perto dos 10.000 exemplares) en proceso de **catalogación informatizada** co programa MEIGA. Cada ano aumenta o fondo con adquisicións e dotacións procedentes da Consellería e do Concello en convenio con editoriais. Con elas perséguese acadar o equilibrio da colección e satisfacer necesidades e demandas dos diferentes ciclos. A asignación económica do centro para a biblioteca permitiu nos últimos anos adquirir libros e renovar parte do mobiliario e equipamento informático, que estaba resultando insuficiente e anticuado.

O **espazo físico**, bastante reducido en proporción ao número de alumnos do centro, está distribuído en **zonas**: zona de primeiros lectores, zona de lectura e traballo, zona de ordenadores e zona de xestión. Cos recursos do centro dotáronse estas zonas co material e mobiliario específicos, adquiríronse estanterías, expositores, colchonetas, cabinas para os ordenadores, un ordenador de xestión, impresora laser en color e lector de códigos de barras.

Recursos persoais

A biblioteca conta con persoal encargado da súa organización, tratamento técnico e xestión dos recursos bibliotecarios, polo xeral un/unha profesor/a encargado e un equipo de profesores colaboradores, variable cada ano, cun tempo específico de adicación no seu horario a estas tarefas,

Recursos materiais

Unha colección con preto de 10.000 exemplares, ubicados na súa meirande parte na propia biblioteca, sendo trasladados á sala de profesores os libros de consulta pola falta de espazo.

A colección está desequilibrada con maior porcentaxe de libros de ficción ca informativos e para os últimos ciclos en meirande proporción ca os dos primeiros niveis. Non hai aínda unha sección específica para as produccions dos alumnos pero existe unha pequena cantidade de documentos feitos por eles.

Hai materiais de apoio ás diferentes áreas curriculares pero carece de material específico para alumnado con necesidades especiais, que se encontra nas aulas de AL e PT e no departamento de orientación.

As paredes están cubertas ata o teito con andeis feitos a medida hai poucos anos. Nelas os libros de ficción están clasificados por idades que se corresponden cos ciclos e libros informativos que se queren clasificar segundo a CDU.

A zona de traballo consta de mesas e sillas con espazo para lectura.

A zona de ordenadores consta actualmente de dúas cabinas para dous ordenadores .

A zona de primeiros lectores sitúase a carón das ventás e ten colchonetas, estanterías baixas e expositores. Os libros están clasificados para Prelectores e Primeiro Ciclo.

Na entrada hai unha zona de expositores para novidades e seleccións temáticas.

A zona de xestión ten equipamento informático actualizado e emprégase o programa MEIGA, de momento para rexistro e catalogación e no futuro tamén para o préstamo informatizado.

Ademáis existe en cada clase unha biblioteca de aula cun fondo non centralizado e que se emprega a criterio de cada tutor/a ou ciclo.

Accións de mellora realizadas nos últimos anos

- Renovación e adquisición de mobiliario e equipamento informático para xestión.
- Reorganización do espazo en diferentes zonas, coa posta en funcionamento da zona de primeiros lectores.
- Organízase un sistema de préstamo manual simplificado para os alumnos de EI e 1º ciclo.
- Iniciación do proceso de informatización da xestión co programa MEIGA.
- Expurgo dos documentos deteriorados.
- Reclasificación dos fondos en libros informativos e de ficción, estes últimos por ciclos, mesturando as línguas.
- Formación do profesorado coa asistencia a cursos, xornadas e a constitución dun grupo de traballo no curso 2007/08.

- Adquisición de películas infantís en DVD.
- Organízase un sistema de préstamo manual simplificado para os alumnos de EI e 1º ciclo.
- Seleccións temáticas e búsqueda de recursos en internet para elaborar e ofrecer materiais de apoio.

Detección de necesidades de formación del profesorado.

No desenvolvemento do Proxecto Lector o centro debe establecer os instrumentos adecuados para que o profesorado manifieste as súas necesidades e demandas formativas e que estas se canalicen oportunamente aos servizos de formación.

Poderíanse enmarcar nos seguintes tipos:

- Formación en estratexias didácticas e metodolóxicas para o traballo nas aulas:
- Formación no uso da biblioteca e xestión dos recursos bibliotecarios..
- Formación no emprego das tecnoloxías da información

II. OBXETIVOS, PRINCIPIOS BÁSICOS E COMPROMISOS

XUSTIFICACIÓN

O proxecto que presentamos aséntase sobre a base DUN MODELO DE LECTURA que responda ás novas necesidades e demandas do ALUMNADO, da sociedade actual e do sistema educativo. *Unha LECTURA comprensiva e crítica que active a intelixencia e permita ao alumno manexar a información e comprender mensaxes.*

Trátase de converter a BIBLIOTECA nun centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe. Un punto de encontro da comunidade escolar e foco de dinamización pedagóxica e cultural.

OBXECTIVOS.

- ❖ Fomentar a lectura incorporándoa ao currículo de forma sistemática na aula e na biblioteca escolar co fin de formar lectores competentes.
- ❖ Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe e considerar a biblioteca escolar como un recurso imprescindible na construción da rede básica de lectura e a configuración dunha comunidade de lectores activa.
- ❖ Levar a cabo ao longo do curso intervencións de comprensión lectora, evitando actividades ailladas, senón enmarcadas nun plan de intervención con continuidade e coherencia.
- ❖ Implicar á comunidade educativa en accións do proxecto lector anual.

PRINCIPIOS:

- ❖ O centro educativo é un lugar de irradiación cultural
- ❖ Plantexar a ensinanza da comprensión lectora e da expresión escrita de xeito interdisciplinar.
- ❖ O desenvolvemento das competencias lingüísticas do alumnado será unha das principais tarefas do centro educativo .
- ❖ A biblioteca escolar é un recurso imprescindible de apoio ao proxecto lector e ao desenvolvemento das estratexias de traballo.
- ❖ Todo o profesorado é responsable e implícase no proxecto lector , potenciando a comprensión lectora como base de toda a aprendizaxe
- ❖ A biblioteca escolar, co sistema de préstamos, compensa as desigualdades.

COMPROMISOS:

- ❖ O equipo directivo sensibiliza, innova, impulsa e sostén a filosofía do proxecto.
- ❖ Todo o profesorado promove a lectura nunha liña consensuada e de referencia común de actuación
- ❖ Inclúese nas programacións docentes a lectura como elemento transversal clave para o desenvolvemento de todas as materias e se planifica o uso dos recursos bibliotecarios.
- ❖ Introdúcense como puntos da orde do día das reunións de ciclos aspectos relacionados co proxecto lector.
- ❖ Artículanse protocolos de coordinación interna para a óptima implementación do proxecto de lectura e escritura.

III. ESTRUCTURA DE COORDINACIÓN, INFORMACIÓN E APOIOS

❖ *Estructura organizativa de coordinación.*

Todo o profesorado do centro implícase no desenvolvemento deste Proxecto Lector, estando a súa elaboración a cargo dun equipo de profesores en representación dos diferentes ciclos e coordinado pola profesora encargada da biblioteca escolar.

O equipo directivo sustenta a filosofía e apoia o desenvolvemento do proxecto.

Sométese á aprobación do Claustro e do Consello Escolar.

O centro contará cun equipo de biblioteca, que se encargará das tarefas que se indican máis abaixo.

O equipo de biblioteca coordinará as súas propostas e actuacións cos órganos de coordinación docente nos que se integra: CCP, EDNL, equipos de ciclo.

Aparte do equipo de biblioteca, cada titor/a, profesor/a dinamizará a lectura na súa aula e xestionará o uso dos recursos da biblioteca co seu alumnado.

❖ ***Descrición dos apoios requeridos á biblioteca escolar e das actividades planificadas en coordinación.*** O equipo da biblioteca:

- Xestionará os fondos (catalogación, informatización...)
- Adquirirá e/ou coordinará a compra de materiais
- Facilitará os recursos necesarios para desenvolver as actividades que se propoñen ao longo do curso (maletas viaxeiras, conmemoracións, proxectos documentais...)
- Elaborará listas de materiais sobre un tema.
- Fará exposicións temporais de fondos arredor do centro de interese que se estea tratando (paz, proxectos interdisciplinares...)
- Divulgará os fondos da biblioteca entre a comunidade escolar.
- Informará das normas de funcionamento.
- Promoverá a formación de usuarios.
- Fomentará a formación documental promovendo e apoiando o desenvolvemento de proxectos documentais interdisciplinares de todo o centro, arredor dun eixo de interese elixido polo claustro e desenvolvido ao longo do curso.

❖ ***Descrición da colaboración con outros sectores*** (editoriais, pais/nais, biblioteca pública, etc.) O equipo da biblioteca en coordinación con todo o profesorado do centro:

- Elaborará follas informativas, boletíns ou recomendacións de interese para as familias en relación coa lectura.
- Promoverá a participación das familias en actividades que se desenvolven no centro e/ou no entorno respecto á lectura (visita ás exposicións, lecturas ao alumnado...)
- Transmitirá información das actividades culturais e de fomento da lectura promovidas polas institucións, dentro ou fóra do centro.

E dende as aulas, especialmente nos primeiros niveis:

- Fomentarase a lectura compartida pais-fillos nas familias.

IV. PLANIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS XERAIS

A análise das necesidades e dificultades que atopamos no noso centro no proceso de ensino-aprendizaxe da lectoescritura, permítenos contextualizar os obxectivos do proxecto lector antes citados e propoñer unha serie de actuacións que deberán ser priorizadas, concretadas e temporalizadas nos sucesivos **Plans Lectores Anuais**.

1. POTENCIAR O EMPREGO DIDÁCTICO DOS RECURSOS DO CENTRO:

a) *Biblioteca:*

- i) Promover a utilización dos servizos da biblioteca.
- ii) Promover a realización de proxectos documentais de carácter interdisciplinar.

b) *Bibliotecas de aula:*

- i) Organizar e unificar a súa utilización.
- ii) Garantir a renovación e rotación dos materiais.
- iii) Ter en conta os itinerarios lectores e os diferentes tipos de textos e soportes.

c) *Aula de Audiovisuais:*

- i) Organizar os recursos e funcionamento desta aula,
- ii) Integrar nas programacións curriculares a súa utilización no ensino/aprendizaxe das diferentes áreas.

d) *TIC nas aulas.*

- i) Manexo de procesadores de textos para as producións dos alumnos.
- ii) Emprego de programas, enciclopedias e materiais multimedia como apoio ás aprendizaxes.
- iii) Búsquedas, selección e tratamento da información obtida en Internet.

2. MELLORAR OS RECURSOS DO CENTRO:

a) *Biblioteca:*

- i) Buscar o equilibrio e actualización dos fondos informativos e de ficción da colección, ter en conta os itinerarios lectores, novidades editoriais, necesidades dos ciclos e áreas, conmemoracións, proxectos e traballos que se vaian desenvolver no centro.
- ii) Procurar a optimización dos espazos mediante o mobiliario e organización adecuada dos materiais.

b) *Audiovisuais:*

- i) Dotar á aula de audiovisuais de recursos actualizados e variados segundo os intereses dos ciclos.

c) *Uso das TIC nas aulas.*

- i) Conexión a Internet en tódalas aulas.
- ii) Formar ao profesorado no emprego didáctico das TIC.

3. SISTEMATIZAR E COORDINAR AS PRÁCTICAS DIDÁCTICAS DO PROFESORADO respecto da lectura, escritura e avaliación da comprensión lectora, fomentando o emprego de metodoloxías activas que faciliten aprendizaxes significativas.

Suxestións:

- a) Organizar o **tempo diario de lectura.**

- b) Unificar as tarefas a realizar na **hora de biblioteca.**

- c) **Realizar lecturas guiadas e exemplificadas polo profesor ou un alumno.**

- d) **Empregar diferentes tipos de textos:**
 - i) *Continuos:* descriptivos, narrativos, expositivos, argumentativos, instructivos e hipertextos.
 - ii) *Discontinuos:* formularios, listas, follas informativas, avisos e anuncios, certificados, vales e cupóns, mapas, táboas, gráficos ou diagramas, etc.

e) **Propoñer lecturas con diferentes finalidades:** lectura como experiencia literaria e lectura para adquirir e usar a información.

f) **Actividades de aula de animación á lectura.**

Non debe quedar reducida a accións puntuais. O establecemento do tempo diario de lectura e da hora semanal de biblioteca proporciona un espazo estable para as técnicas de animación á lectura. Estas parten da narración oral e expresiva e rematan na lectura do libro, individual ou compartida e no diálogo para comentar o texto.

- Contar contos en voz alta, con ou sen axuda de imaxes, ilustracións, proxeccións...
- Lecturas compartidas en voz alta
- Actividades por parellas ou grupos: mensaxes, cartas, cartaces, anuncios, murais, revista escolar.
- Actividades lúdicas: representacións teatrais, títeres, xogos, ilustracións.
- Escribir textos, empregando técnicas de creación literaria rápida: libro viaxeiro, libro xigante, obradoiro de contos, poesía, cómic...

g) Exercitar a **lectura comprensiva en tódalas áreas:**

i) *Empregando estratexias en tarefas de comprensión de textos como as seguintes :*

- Comenzar a lectura activando os coñecementos previos e establecendo o propósito da lectura: obter información das imaxes, do guión ou índice, formularse preguntas sobre o contido, etc.
- Durante a lectura, asegurar a comprensión e motivación facendo preguntas, deducindo o significado de palabras polo contexto, localizar ideas principais mediante técnicas de suliñado, esquemas, etc.
- Rematar a lectura cunha revisión, opinión persoal, inventando cambios: no xénero, no final...
- *Procurar unha comprensión literal*: Por exemplo, localizar determinada información no texto.
- *Procurar a comprensión global*: Extraer o esencial dun texto.
- *Facilitar a interpretación* do texto, a comprensión lóxica: Ordenar secuencias, explicar a relación entre personaxes, facer prediccions...
- *Favorecer a reflexión crítica sobre o contido do texto*: Distinguir feitos reais de fantásticos; valorar a postura do autor sobre o tema; comparar o contido con normas de convivencia, ética...
- *Reflexión sobre a forma do texto* (características lingüísticas e estrutura): Identificar as partes do texto, palabras que se repiten; substituir palabras por sinónimos; etc.

h) Realizar prácticas escritoras do alumnado para mellorar a expresión e creatividade.

Apréndese a escribir escribindo, lendo moito e dispoñendo de moitos exemplos. É fundamental que o alumno revise e valore o que escribú.

Proponse:

- i) Realizar cambios en oracións dadas.
- ii) Analizar e producir diferentes tipos de texto: descripcións, resumos, narracións, táboas de información, anuncios, noticias...
- iii) Transformar textos dun tipo a outro.
- iv) Elaborar textos para participar na revista, nun blog, concursos, enviar cartas ou facer un libro.
- v) Reescribir ou parafrasear oracións, historias, noticias coas propias palabras.
- vi) Cambiar tempos, escenarios, personaxes, títulos ou finais de contos coñecidos.
- vii) Recoller por escrito elementos da tradición oral popular, como contos, refráns, cantigas, adiviñas, lendas.
- viii) Formular preguntas para respostas dadas.
- ix) Ilustrar un texto ou inventar un a partir dunha ilustración.
- x) Inventar textos a partir de palabras dadas: binomio fantástico, etc.

i) **Deseñar a aplicar probas de avaliación da comprensión lectora.**

j) **Crear un ambiente lector no centro.**

Trátase de crear no centro un clima que favoreza o achegamento aos libros e á lectura. Por exemplo:

- Facer visible a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula mediante letreiros, sinalizacións...
- Facer que a lectura e os libros estean presentes na práctica diaria.
- Programar actividades para toda a comunidade escolar.

- O profesorado ten que actuar como mediador e modelo lector.

k) **Realizar os Itinerarios lectores.**

Cada ciclo fará unha selección das lecturas que considere fundamentais para os seus alumnos.

Consignaranse as lecturas por niveis e adxuntaranse ás programacións.

Terán unha validez de dous anos, revisándoas ao finalizar este período.

Seleccionaranse atendendo aos seguintes criterios:

- Que coñezan a literatura de calidade de autores clásicos e actuais.
- Contidos que esperten a curiosidade.
- Formatos diferentes pero adaptados ás idades no tamaño, tipo de letra, uso da imaxe.
- Seleccionar lecturas dos diferentes xéneros: narrativa, poesía, teatro, banda deseñada e nas dúas línguas oficiais.
- Que os argumentos potencien valores asumidos polo centro.
- Que se garanta o acceso de tódolos/as alumnos/as a estas lecturas, ben sexa a través da biblioteca escolar, das de aula ou da biblioteca pública.

4. **INTRODUCIR ACTIVIDADES LECTORAS NA PROGRAMACIÓN XERAL DO CENTRO**, procurando a coordinación das propostas dos diferentes equipos.

l) **Actividades de carácter xeral** do centro, co apoio da biblioteca escolar.

- De produción : **Proxectos documentais interdisciplinares**. Proporase o tema ao principio do ano.

- Que potencien a utilización dos recursos disponibles no centro e nas bibliotecas públicas (formación do alumnado no uso dos servicios bibliotecarios, intervencións para o desenvolvemento de habilidades de información e investigación, actividades conxuntas de animación lectora...),
- De recepción de apoios externos (visita dun escritor, ilustrador, periodista, lector, pai...),
- De enriquecemento de experiencias a través de saídas (visitas a periódicos, teatros, exposicións...)
- Relacionadas con celebracións (Día do Libro, da Biblioteca, da Poesía, Semana con xornais, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas) Elaboración de recursos e materiais, representacións teatrais, etc.
- De proxección social e peche para culminar os proxectos lectores (exposicións, xornadas, presentación de experiencias...)

m) Elaborar un **Plan de biblioteca** que contemple: .

- i) Organización de horarios e tempos de atención e utilización
- ii) Formación de usuarios.
- iii) Recursos para o alumnado con necesidades de apoio específico.
 Seleccionar, adquirir ou elaborar documentos e materiais para a inmersión lingüística e o desenvolvemento das capacidades do alumnado inmigrante e outro alumnado con necesidades de apoio.

- iv) Política de adquisicións que procure o equilibrio, recolla necesidades dos ciclos e áreas e teña en conta os itinerarios lectores de cada ciclo, a proposta de proxectos documentais, etc.
- v) Elaboración de materiais propios (boletíns, catálogos) para dar a coñecer os servizos, funcionamento e fondos.
- vi) Difusión das novidades e lecturas para cada ciclo, seleccións documentais temáticas (mochilas viaxeiras).
- vii) Medios de informacións ás familias da oferta de servizos e actividades relacionadas coa lectura no centro e institucións do entorno (Concello, bibliotecas públicas, directorio de librerías): cartas, follas informativas, taboleiro, boletíns, páxina web...
- viii) Creación de materiais curriculares organizados nun fondo documental.

5. SENSIBILIZAR ÁS FAMILIAS DO SEU PAPEL NO PROCESO LECTOR E AFIANZAMENTO DE HÁBITOS NOS FILLOS.

- n) **Ofrecer á ANPA canles de participación** no proxecto lector para telo en conta á hora de programar as súas actividades, colaborar coas do centro ou elaborar un programa conxunto.
- o) Facilitar e procurar a **colaboración das familias**.

- a) Acordando cos tutores o modo en que poden axudar e motivar aos fillos, compartindo lecturas e outras actividades culturais cos fillos, facendo de modelos lectores, visitando bibliotecas e formando unha biblioteca familiar.
- b) Proporcionándolles diferentes informacións ao longo do curso e por diferentes medios:
- Ofertas de actividades e servicios da biblioteca escolar, pública, Concello e centros culturais do entorno.
 - Formas de conseguir libros e lecturas: préstamos bibliotecarios e interbibliotecarios, intercambios, directorio de librerías, páxinas web para compra por Internet.
 - Recomendacións de lecturas por idades, niveis, intereses dos fillos.
 - Novidades do mundo editorial.
 - Actividades culturais relacionadas coa lectura: presentacións de libros, películas, teatro, recitais, obradoiros literarios, clubs de lectura, bookcrossing... para participar en familia.

V. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Que avaliar?

Realizaremos unha autoavaliación nas reunións dos equipos para valorar a incidencia do proxecto no alumnado, no profesorado e na comunidade educativa. Valoraranse os seguintes ámbitos:

1.Resultados da implementación do proxecto:

- Cómo inciden as intervencións e actuacións que contempla o proxecto nos logros na aprendizaxe do alumnado (desenvolvemento de competencias) e na práctica docente do profesorado (estratexias didácticas).
- Incidencia na comprensión lectora e avance nas prácticas lectoras do alumnado (hábitos lectores, competencias escritoras).

2. Organización e funcionamento.

- Cómo se recolle o proxecto lector nos documentos programáticos: PEC, PXA, Plan Lector Anual, Programacións dos ciclos, Plan de Biblioteca.
- Funcionamento e coordinación dos equipos docentes e da biblioteca.

3. Relacións co entorno: ANPA, Concello, Bibliotecas municipal e provincial, editoriais, etc.

Ao longo do curso o/a coordinador/a do proxecto lector, responsable da biblioteca escolar, xunto cos coordinadores de ciclo na Comisión de coordinación pedagóxica, o equipo de apoio á biblioteca e o equipo directivo, deben dispoñer duns indicadores, criterios ou referencias que permitan valorar tódolos aspectos relacionados cos elementos do proxecto lector.

Criterios de Avaliación:

Nos documentos programáticos e nas prácticas docentes:

- Incorpórase a lectura como unha prioridade no PEC.
- Incorpóranse obxectivos de lectura na PXA.
- Recóllense e desenvólvense no Plan de Biblioteca.
- Inclúense na programación de actividades complementarias e extraescolares actividades relacionadas coa lectura e escritura.

- Contémplanse contidos relacionados coa lectura e a utilización dos recursos da biblioteca nas Programacións didácticas das diferentes áreas.
- Incorpóranse actividades específicas de lectura e escritura na práctica de aula en tódalas áreas.
- Prográmase o tempo diario de lectura con obxectivos, contidos e técnicas, e a hora semanal de biblioteca en tódolos niveis.
- Selecciónanse e empréganse diferentes tipos de textos en diferentes soportes, adecuados aos niveis de competencia lectora do alumnado do grupo, intereses e utilidade para as aprendizaxes.
- Incorpóranse na práctica de aula estratexias didácticas para mellorar habilidades lectoras e crear hábitos de lectura.
- Utilízanse os recursos da biblioteca escolar e de aula para fomento da lectura no alumnado e como apoio ás aprendizaxes.
- Elabóranse e aplícanse probas de lectura comprensiva.
- Téñense en conta os resultados do alumnado nas probas diagnósticas para axustar as programacións cara á mellora destes resultados.

Funcionamento do centro no desenvolvemento do proxecto lector:

- Implicación do equipo directivo.
- Coordinación e grado de implicación dos membros dos diferentes órganos e equipos docentes do centro.
- Dedicación horaria e desempeño de funcións do responsable e do equipo de apoio á biblioteca escolar.

- Apoios dados pola biblioteca escolar ao profesorado.
- Participación do profesorado no desenvolvemento do proxecto lector e utilización que fai dos recursos bibliotecarios.
- Organización dos servicios e dos fondos documentais da biblioteca: préstamo; actividades da hora de biblioteca; equilibrio, actualización e adecuación dos materiais; xestión técnica; difusión das novidades, seleccións temáticas e catálogo; elaboración de documentos e materiais propios de apoio.

No proceso de aprendizaxe do alumnado:

- Resultados obtidos nas probas diagnósticas de avaliación da comprensión e habilidades lectoras.
- Melloras nos resultados nas áreas de Língua que se poidan atribuír á implementación do plan de lectura.
- Aumento da proporción de textos lidos polos alumnos, creación de hábitos lectores e mellora na calidade das producións.
- Utilización do servizo de préstamo e dos materiais da biblioteca da aula.
- Grao de autonomía na utilización dos recursos bibliotecarios.
- Competencia na elaboración de proxectos de traballo e no uso das fontes de información.
- Competencia na utilización das tecnoloxías na búsqueda de información e na elaboración de textos e traballos.
- Participación do alumnado nas actividades programadas polo centro, ANPA e outras institucións, dentro e fóra do centro e horario escolar.
- Actitudes favorables á lectura de textos literarios e á produción de textos propios.
-

Relacións coa comunidade, ANPA, familias:

- A biblioteca ofrece información á comunidade sobre o desenvolvemento de actividades lectoras e actividades culturais no centro e no entorno a través de anuncios nos taboleiros, comunicados, guías, boletíns, páxina web do centro...
- O centro articula vías de difusión para o coñecemento das producións escritas e das actividades conxuntas realizadas polo alumnado: exposicións, participación en certames, revista escolar, blogs...
- Colaboración de e coa ANPA.
- Interese dos pais/nais polos procesos de aprendizaxe e creación de hábitos lectores dos fillos, colaboración coa escola, emprego dos recursos do entorno (bibliotecas públicas) e participación cos fillos en actividades culturais.

Cando avaliar? Quen avalía?

A avaliación do Proxecto Lector realízase en tres momentos:

- Ao inicio, a comisión de elaboración, o equipo directivo e o claustro avalían o deseño do proxecto.
- Ao longo do proceso o desenvolvemento do proxecto é avaliado polo/a coordinador, o equipo directivo e os equipos docentes.
- Á súa finalización os resultados son avaliados polo profesorado das diferentes áreas (produccións e logros nas competencias do alumnado), o equipo directivo (actas de avaliación, memorias de actividades), CCP e coordinadores de ciclo (actas de reunión) , encargado/a e equipo de biblioteca (préstamos, índices de lectura, proceso de xestión, utilización dos recursos)

Como avaliar?

Farase mediante os procedementos seguintes:

- Observación directa das prácticas de lectura e escritura :
 - Na hora de lectura.
 - Nas diferentes áreas.
 - Na hora de biblioteca.
 - Nas actividades complementarias e extraescolares.
- Análise dos documentos programáticos: PEC, Plan de Lectura, Plan de Biblioteca, PXA e programación didáctica. Actas de avaliación e actas de reunión dos diferentes órganos e equipos.
- Análise da produción dos alumnos: cadernos, exames, revista escolar, representacións teatrais, etc.
- Resultados das probas diagnósticas da comprensión e competencia lectora.
- Observación e análise dos “cadernos de lecturas” do alumnado (préstamo da biblioteca), observación do funcionamento da biblioteca escolar e das de aula, rotación e utilización dos fondos documentais por parte do alumnado e profesorado.

Este Proxecto foi aprobado polo Claustro de Profesores o vinte de abril de dous mil dez e polo Consello Escolar na súa reunión de vinte e sete de abril de dous mil dez.